

OS XOGOS: ANACOS DA HISTORIA DUN POBO

ANTÓN CORTIZAS RECUPERA MÁIS DE MIL ENREDOS E XOGUETES EN «TASTARABÁS» E PACO VEIRA SALIENTA O «PROCESO DE RECUPERACIÓN MEDIANAMENTE VIGOROSO» COMO UNHA ALTERNATIVA AOS DEBERES

Os xogos populares galegos están «dentro dun proceso de recuperación medianamente vigoroso desde hai unha década». Isto asegura Paco Veiga, investigador do patrimonio lúdico galego, membro da Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional e profesor de Lingua e Literatura Galega no instituto de Melide. Veiga escribe no prólogo do libro *Tastarabás* (Xerais), de Antón Cortizas. Son máis de mil páxinas froito de anos de investigación, apunta este mestre e escritor. Salienta da obra que «leva 2.500 fotos e unha descrición de máis de mil enredos e xoguets, que nalgúns casos son unhas liñas e noutros varias páxinas».

Nun traballo publicado en xogopopulares.com, Paco Veiga explica como «todas as sociedades, incluso as máis primitivas, foron quen de crear as actividades lúdicas necesarias para dar satisfacción á necesidade de xogar de todos e cada un dos seus membros, desde o bebé acabado de nacer —péñese, por exemplo, nos axóuxeres ou nos xogos iniciáticos cos que se interiorizan

as partes do corpo— ata o avó, a avoa, de máis idade: amentemos a ra ou a petanca, só por citar dous dos xogos máis sosegados».

A mesma idea da universalidade dos xogos é apuntada por Cortizas, xa que «a globalización cultural xa está inventada hai moito tempo». Por este motivo, Paco Veiga lembra que os galegos «tivemos necesidade tamén de crear —ou de adaptar, segundo o caso— os xogos necesarios para xogarmos. Así é que Galicia posúe hoxe, dentro da Península, un dos catálogos lúdicos máis ricos, tal vez só superado, en canto á cantidade e á vixencia dos seus xogos, polos do País Vasco e Navarra».

Veiga explica que na recuperación destes xogos, que son anacos da historia dun pobo, «hai tres ou catro tipos de colectivos» responsables. Serían os clubs de chave, bolos e actividades semellantes «que se manteñen en tantos

sítios». Outros son os concellos e «moitos centros educativos de Galicia que traballan nesta recuperación». E logo estarían as entidades como a Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional: «Investigamos e somos xogadores de todo e de nada, porque cando fas algo tes que traer a unha persoa maior, que son as que de verdade saben os xogos». A esas persoas tamén se refire Antón Cortizas cando

explica que no libro «vai información directa de comunicadores que figuran co seu nome e tamén datos das lecturas de centos de libros». Desde que no 2004 empezou con este traballo, Cortizas buscou na «literatura en galego de poetas e novelistas que fan referencias aos enredos» e incluíu treitos desas narracións no libro, que leva como subtítulo *Enciclopedia dos brinquedos tradicionais e uso lúdico da natureza*. O título está tomado no nome que ten «a carraca



ENCICLOPEDIA «Tastarabás» Antón Cortizas. Ilustracións de David Sierra. Xerais. 1.080 páxinas. 80 euros. ***



A recuperación dos xogos tradicionais nas fest

esa de facer ruído da zona de Cedeira e o norte de Ferrol», segundo explica este escritor, natural precisamente de esa zona. Ese título onomatopéico é algo habitual en Cortizas, xa que o anterior que publicou foi *Chirlomirlo* e tamén estaba dedicado aos enredos tradicionais.

A ALTERNATIVA AOS DEBERES

En canto á divulgación destes xogos como alternativa aos deberes escolares dos que tanto se fala estes días, Veiga asegura que «a axenda diaria dos nenos é unha barbaridade». Asegura que «por moito que se diga que non, os deberes se poñen, cando os nenos deberían dedicar as tardes a

PEQUENA ESCOLMA DO CATÁLOGO DE BRINQUEDOS TRADICIONAIS

MUNDO INANIMADO | Luminarias

XOGAR COA NATUREZA

A natureza foi a principal fonte de inspiración para os xogos. Desde os ríos ata a neve, as pedras e a area das praias serviron e serven para inspirar moitos dos xogos tradicionais galegos. Na imaxe, unha das típicas luminarias, unha tradición da zona de Cedeira, Ferrol e a Coruña. Se utiliza un caldeiro de conservas no que se meten unhas brasas. Se amarra cunha corda e se fai virar con rapidez, «provocando un vistoso avivamento das brasas, ao mesmo tempo que produce un funguído característico». Os rapaces construíano e facían virar na Noite da Candeloria, provocando uns fermosos efectos luminosos.



Na imaxe, unha das típicas luminarias, unha tradición da zona de Cedeira, Ferrol e a Coruña. Se utiliza un caldeiro de conservas no que se meten unhas brasas. Se amarra cunha corda e se fai virar con rapidez, «provocando un vistoso avivamento das brasas, ao mesmo tempo que produce un funguído característico». Os rapaces construíano e facían virar na Noite da Candeloria, provocando uns fermosos efectos luminosos.

ARSENAL INFANTIL | Tirapedras

DE ARMAS TOMAR

O catálogo de artefactos para xogar ás guerras sempre foi moi completo. En Galicia rexistráronse todo tipo de inventos para lanzar pedras, desde os máis simples, feitos cunha vara verde de carballo, ata os máis avanzados, xa coñecidos como tirabalas. Tampouco faltan neste rexistro zarabatanas, arcos e frechas, pistolas de deño moi variado, escopetas e espingardas. Algunhas de construción tan esmerada que son capaces de atinar nun branco do tamaño dunha pinza a cinco metros de distancia.



EN MOVIMENTO | Os zancos

DESDE AS ALTURAS

A práctica de xogos en movemento e o ar libre é un costume, por desgraza, cada vez máis en desuso. Os zancos, nas súas múltiples versións, son un dos divertimentos tradicionais máis populares, dende Moaña ata Viveiro. «Usábanse sempre en grupo, con eles promovíanse valentonadas: a ver quen cruzaba o río máis rapidamente polo sitio máis fondo...». Na modalidade de brinquedos de desprazamento e transporte se inclúen tamén as carrilanas, os patinetes de madeira, os andacamións e os aros. Tamén os trebellos feitos para esvarar, tanto na herba como na neve.



TEXTO
Rodri García
Marta Otero